

17 MAR. 2020

ENTRADA 5080

SAÍDA.....

- Á/A - DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS ÁREA SANITARIA Stgo
- DIRECCIÓN DE ENFERMERÍA ÁREA SANITARIA Stgo
- U.P.R.L. ÁREA SANITARIA Stgo
- DIRECCIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS ÁREA SANITARIA Stgo

Os delegados abaixo asinantes , en representación da CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA DE SAÚDE COMPOSTELA, con enderezo a efectos de notificación en sección sindical CIG-SAÚDE do h. clínico de Santiago de Compostela.

No recente PLAN DE PREVENCIÓN FRONTE AO RISCO DE EXPOSICIÓN LABORAL AO CORONAVIRUS, do 11 de marzo de 2020, enumerase no apartado 2 unha serie de responsabilidades, e así temos:

- Xerencia:
 - - Implantar este procedemento e garantir o seu cumprimento.
 - - Implantar as accións preventivas que correspondan para previr a exposición ocupacional a COVID-19, **dotando dos recursos necesarios para a súa efectividade, e especialmente a adquisición de Equipos de Protección Individual.**
- Traballadores sanitarios:
 - - **Aplicar as medidas de prevención recomendadas no protocolo** en relación as medidas de precaución estándar, hixiene de mans e uso adecuado e racional dos Equipos de Protección Individual.
- Superior xerárquico do traballador afectado:
 - - **Asegurar o cumprimento do protocolo** en canto á correcta realización das medidas de prevención indicadas
 - - **Asegurar o uso adecuado dos Equipos de protección individual.**

Pois ben, unha das obrigacións da Xerencia e informar aos traballadores/as, previamente ao uso, do risco/s contra os que protexen os EPI seleccionados e en que operacións e zoas é preceptivo o seu uso. Sinalizar a obligación do seu uso.

Tamén, informar e por a disposición dos traballadores/as a información sobre EPI subministrados e garantir a formación e, cando sexa necesario, o adestramento para o uso dos EPI.

CIG-Saúde quere poñer no seu coñecemento que dende o inicio da problemática existente co COVID-19, son múltiples as queixas que nos fixeron chegar os/as traballadores/as, dende os diferentes ámbitos de atención sanitaria (unidades de críticos, consultas externas, urxencias, unidades de hospitalización, atención primaria, mantemento, ...) sobre a **falta de material, de E.P.I. , non só pola súa escaseza, senón tamén pola falta de reparto, limitación en cantidade e dificultade para conseguir o equipo de protección individual**, debido a unha especie de racionamento do mesmo.

O que non é de recibo, é que por non saber a actividade que se desenvolve nas unidades, se decida ante a dúbida que non se proporciona ningún tipo de material e que as

unidades estean desabastecidas do mesmo, e que a Xerencia non tome as medidas de prevención necesarias para evitar a exposición ao coronavirus.

Así , temos a UCI de Adultos por exemplo , cun caso positivo en coronavirus, (de momento) no que parece que o material está non só racionado senón que hai serias dificultades de abastecemento como son as batas de protección, respiradores FFP3, gafas de protección..., material que resulta indispensable por exemplo, para executar as manobras necesarias con garantías, xa que é material testado e que reúne unhas condicións técnicas exixentes, aprobadas por diversa normativa europea ao respecto.

Na reunión extraordinaria do COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE do pasado venres, 13 de marzo, asegurouse en diversas ocasións que non había ningún problema de abastecemento na plataforma e que salvo a solución hidroalcohólica (que podía ser substituída por un lavado intenso de auga e xabón) , o resto de material, había cantidades suficientes do mesmo para garantir unha seguridade aos/as traballadores/as que o necesitaran. Entón non entendemos a falta de abastecemento en unidades críticas de diverso material pese a solicitude dos/as traballadores/as.

Todo elo, lévanos a SOLICITAR **unha cuantificación de material existente** disgregada por EPI:

- número de stock de mascarillas cirúrxicas
- número de stock de mascarillas FFP2
- número de stock de mascarillas FFP3
- número de stock de batas protectoras resistentes a fluídos
- número de luvas
- número de gafas de protección

Esperando unha pronta resposta. Atentamente.



Xabier Alvedro Álvarez

Delegado CIG-Saúde



Antonio Ramos Benito

Delegado CIG-Saúde